

CERTAIN WOMEN: VIDAS DE MULLER

[Kelly Reichardt, 2016]

PASES EN NUMAX: 29 e 30 de xaneiro de 2018 | V.O.S.E.

Certain Women (2016, 107')

Dirección: Kelly Reichardt

Guión: Kelly Reichardt (Relato: Maile Meloy)

Elenco: Michelle Williams, Kristen Stewart, Laura Dern, Lily Gladstone, Jared Harris, Rene Auberjonois, James Le Gros, John Getz, Ashlie Atkinson, James Jordan, Edelen McWilliams

Son: Paul H. Maritsas

Montaxe: Kelly Reichardt

Dirección de arte: Anthony Gasparro

Vestuario: April Napier

Fotografía: Christopher Blauvelt

Música: Jeff Grace

Produtoras: Film Science, Stage 6 Films

(Estados Unidos)

Formato de proxección: HD

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Night Moves, 2013

Meek's Cutoff, 2010

Travis, 2009

Wendy and Lucy, 2008

Old Joy, 2006

River of Grass, 1994

PREMIOS E FESTIVAIS

Londres 2016 (Mellor filme), Gotham

2016 (Nomeado a mellor filme e actriz

—Lily Gladstone—), Spirit Awards 2016

(Nomeado a mellor dirección e actriz de

reparto —Lily Gladstone—), Hamburgo

2016 (Sección oficial), Sidney 2016

(Sección oficial)

337

SINOPSE

As vidas de tres mulleres crúzanse nunha vila de Estados Unidos, onde cada unha está tentando abrirse camiño. A medida que as súas historias se cruzan emerxe un retrato de persoas con fraquezas mais con vontade no proceso de se definir a si propias.

«Unha peza de gran complexidade sintáctica onde a estética se fundamenta no uso maxistral da linguaxe e os recursos estilísticos, rítmicos e eufónicos»


Alberto Sáez,
EL ANTEPENÚLTIMO MOHICANO

OS OLLOS VERDES

CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX

CERTAIN WOMEN: VIDAS DE MULLER

Kelly Reichardt, 2016



«Podería facer un filme de dúas horas só coas tarefas domésticas»

Entrevista de Alissa Wilkinson
a Kelly Reichardt

Adoitas adaptar relatos nos teus filmes, desde *Old Joy* ata *Certain Women*, pasando por *Wendy and Lucy*. Que che gusta deles? O que adaptei son novelas curtas, sobre todo. Os relatos de Maile Meloy son con diferenza os máis curtos cos que traballei. Foi difícil. Pero ela foi moi xenerosa deixándome traballar con varios relatos, así que puiden xuntalos. Foi un proceso longo. Os seus relatos son pequechos, pero teñen moita chicha. Os personaxes son complexos e constrúe verdadeiras escenas. Introdúceos no seu ambiente real. Hai tarefas cotiás, moita cousa que se move desde un punto A ao punto B e iso é o que me vai a min. Deu que facer, pero se escribes desde unha narración tes que escoller, cortar moito.



Daquela, traballar desde un relato máis sobrio daríache máis espazo? Podería facer un filme enteiro de dúas horas de duración só coas tarefas domésticas! Leva tempo elaborar cousas que ao mellor nunca “estiveron” nun filme. Podes darlle tempo ao detective para poñer a súa Vida a Salvo, e desenvolver esa Vida a Salvo, mentres agarda a que Laura chegue. Trátase de darlle tempo ás pequenas cousas da vida e do traballo e así.

Reflexionas no que pasa cando todo o mundo cala? Ou deixas aos actores pensar por si propios? Como te manexas cos espazos abertos? Para min iso é moi importante. Ás veces elaboramos as escenas sen diálogo primeiro, para ver que precisamos: como pode funcionar, canto diálogo precisamos. Sempre estou quitando liñas. Encántanme os diálogos de Jon Raymond. [Moitos dos filmes de Reichardt, *Old Joy* e *Wendy and Lucy* incluídos están baseados en relatos de Raymond e guionizados por el]. E adoro os diálogos de Maile Meloy. Pero que unha frase quede xenial na narración non significa que haxa que engadila a unha escena. A maioría das cousas son reveladas entre diálogo e diálogo. Ás veces nun fotograma, ou no xeito en que a xente se move nun fotograma. Outras veces na escena, cos actores. Cando hai unha

CERTAIN WOMEN: VIDAS DE MULLER

[Kelly Reichardt, 2016]



SOBRE A DIRECTORA

KELLY REICHARDT (Florida, 1964) é editora, escritora, fotógrafa, guionista e cineasta. Estudou na Escola de Belas Artes de Tufts.

“Kelly Reichardt é unha directora americana auténtica. A súa cámara enfoca unha paisaxe e agarda, quieta e paciente, a que unha acción minúscula teña lugar. Daquela aínda agarda un pouco máis, cun estilo audaz e minimalista que reta o público a fixarse nunha luz, nunha sombra, nun son mínimo. Os filmes de Reichardt sempre se interesan polas cousas do diario, por personaxes raros con vidas cotiás complexas, sempre conflitivos, cansos, habitantes de mundos ordinarios cheos de promesas rotas. Pero cando conseguen saír dos problemas, como a desgraciada ama de casa de Florida en *River of Grass*, coidadiño!

Desde a pouco convencional *buddy movie* *Old Joy*, á angustiante viaxe en vagón de *Meek's Cutoff*, pasando pola triloxía de historias da pequena cidade de *Certain Women*, Reichardt penetra na memoria humana, na supervivencia, na independencia e na soidade. Outra *buddy movie* pouco convencional, *Wendy and Lucy*, reflicte a crise económica de 2008 a través dunha muller pragmática e taciturna que colle o seu coche e o seu can e marcha buscar traballo a Alaska.

Catherine Wheatley describe as personaxes de *Certain Women* deste xeito: “Estas mulleres saben manter os seus consellos: saben da importancia da moderación, do silencio, saben cando falar e cando actuar ou manterse á espreita. As mesmas cualidades caracterizan os elegantes e sensíbeis filmes de Kelly Reichardt”.

Publicado en moma.org con motivo da retrospectiva comisariada por Anne Morra no Moma en setembro de 2017.

NA LIBRARÍA NUMAX

Night Moves, Kelly Reichardt.
Potemkine [DVD]

Old Joy, Kelly Reichardt.
Epicentre Films [DVD]

acción, no xeito en como esa acción se leva a cabo ou no tempo en que se fai, ou no que están a facer os animais. Michelle Williams dicíame cando rodamos *Meek's Cutoff*: “Vaia, só nos dis que a escena foi ben porque os animais o fixeron ben”. E tiña sentido: se os animais o fixeran ben era porque ela non estaba actuando, senón que estaba alindando o boi. (É moi difícil alindar un boi!)

A radio nesas espazos tan silenciosos. Pasaba moito en *Old Joy*. E volve escoitarse en *Certain Women*. Por que che gusta que soe a radio de fondo?

Ese DJ no programa de radio é o meu amigo Joe Puleo. Ten un programa de radio en Benton Harbor, Michigan, que escoito, e encántame a súa voz. En *Certain Women*, a idea era deixar constancia de que o personaxe estaba fóra. É outro nivel de comunidade: estraños chamando e conectando a través das ondas. Unha voz na radio pasa a ser unha amiga, e aconséllache non ir á neve. A comunidade da radio, diminuíu pero aínda existe.

As túas personaxes parecen vivir nas fronteiras da sociedade. Xa de por si a granxeira está fóra no inverno do rancho. As outras mulleres son obviamente máis urbanas, pero nunha cidade moi pequeniña. Despois está o personaxe de Michelle Williams e o seu home, que son a típica parella de California facendo unha excursión, tratando de escapar da cidade con todos os luxos por unha fin de semana, para acabar facendo a súa segunda casa fóra da cidade.

Publicado en vox.com



Certain women, de Kelly Reichardt

Por Paulo Cunha

Kelly Reichardt continúa neste novo filme co seu traballo, case sociolóxico, de reflexionar sobre a América profunda, rural e esquecida; ese vello e mítico Oeste, o territorio máis recorrente no seu filmografía: Oregón en *Old Joy* (2006), *Wendy and Lucy* (2008), *Meek's Cutoff* (2010) e *Night Moves* (2013), e agora Montana en *Certain Women*. Esta América desencantada e abandonada, vítima da globalización e da especulación financeira, parece presa dun dilema existencial, onde o conflito entre a permanencia e o cambio está sempre latente.

Certain Women continúa tamén, noutro sentido, outro territorio. Os temas recorrentes na súa obra son moi visíbeis. Michelle Williams está aí para deixar iso claro, despois dos seus significativos papeis en *Wendy and Lucy* e *Meek's Cutoff*. A condición feminina, que se explicita desde o propio título da película, volve ter un lugar discreto pero central no relato, aquí multiplicado por tres protagonistas femininas que loitan e afrontan distintas situacións de enfrontamento de xénero.

Reichardt, ben situada dentro do cinema independente norteamericano, traballa tamén coas convencións dos xéneros cinematográficos, desde os rexistros obvios da road movie en *Old Joy*, o western en *Meek's Cutoff*, o thriller en *Night Moves* e o melodrama en *Wendy and Lucy*. A cineasta recoñece a súa fascinación polo New Hollywood dos anos setenta, pola súa vontade de traballar e reconfigurar as convencións

dos xéneros cinematográficos máis clásicos. Reichardt engade a ambigüidade necesaria para facernos sentir incómodos ante o que estamos familiarizados ou que é máis previsible, quérenos expulsar da nosa zona de confort como espectadores para obrigarnos a cambiar a nosa relación co relato.

Ese é o camiño de *Certain Women*: nunha estrutura aparentemente melodramática -hai todo tipo de dramas persoais e familiares- o filme escamotea calquera enfrontamento, evita os momentos climáticos ou catárticos previsibles, e foxe dos estereotipos e convencións máis recorrentes. A acción non trata nada en particular, apenas unha serie de acontecementos rutineiros, monótonos e pouco atractivos. Parece, por iso, que non vai ocorrer nada aos personaxes, atrapados nunha rutina cotiá que perdurará, inalterada, despois do final da película. As historias das tres protagonistas de *Certain Women* son así, pouco máis: son tres mulleres comúns, case anti-heroínas, iguais a tantas outras, con vidas rutineiras e difíciles, con problemas persoais e profesionais, que parecen sentirse incomprendidas ou ignoradas, vivindo, polo xeral, na sombra da sociedade.

Reichardt interésase polos pequenos xestos cotiáns, polos días normais, polos dilemas e os conflitos latentes. O seu cinema é voluntariamente minimalista, a acción está puntuada por escasos diálogos que interrompen longos silencios. Reichardt pensa e fala así, transmitindo sentimentos e emocións complexas, a través deses silencios e desas rutinas. Silencio, prestade atención, mirade, escoitade.

Publicado en acuartapared.com
Traducións: Olalla Cociña

OS OLLOS VERDES

● CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX



«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes que, nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España, malia posuíren un destacado percorrido por festivais internacionais e indiscutíbeis logros artísticos.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org